

CERRAR LOS OJOS

[Víctor Erice, 2023, España, 169 min., VO]

Lingua **Español**

Dirección **Víctor Erice**

Guión **Víctor Erice, Michel Gaztambide**

Montaxe **Ascen Marchena**

Música **Valentín Álvarez**

Fotografía **José Luis Alcaine**

Elenco **Manolo Solo, Jose Coronado, Ana Torrent, María León, Petra Martínez, Soledad Villamil, Mario Pardo, Elena Miquel**

Produción **Tandem Films, Pampa Films, Pecado Films,**

Nautilus Films, Movistar Plus+, Canal Sur, RTVE

Distribución **Avalon**

Un célebre actor español, Julio Arenas, desaparece durante a rodaxe dun filme. Aínda que nunca se chega a atopar o seu cadáver, a policía conclúe que sufriu un accidente á beira do mar. Moitos anos despois, esta sorte de misterio volve á actualidade a raíz dun programa de televisión que pretende evocar a figura do actor, ofrecendo como primicia imaxes das últimas escenas nas que participou, rodadas polo que fora o seu íntimo amigo, o director Miguel Garay.

Preestrea mundial en Cannes 2023

O día 9 de abril estamos de volta.

Farémvos chegar a programación do vindeiro mes polas vías habituais.



CERRAR LOS OJOS

VÍCTOR ERICE

Organiza: _____



cineclubepontevedra.blogspot.com.es

  [cineclubepontevedra](#)

 [CineclubPo](#)

Coa colaboración de: _____



CINECLUBE PONTEVEDRA

ENTREVISTA A VÍCTOR ERICE POR ELSA FERNÁNDEZ-SANTOS

O eixe argumental de *Cerrar los ojos* é o enigma dunha amizade perdida entre un director de cinema e un actor que desapareceu en plena rodaxe. Por que quería falar dun home que non lembra nada e doutro ao que lle doe lembrar?

Non existe no meu caso, polo menos en principio, unha pretensión explícita. Trátase dun proceso de fabulación no que as cousas van xurdindo dun xeito máis ou menos natural. Unha sucesión de detalles ás veces moi pequenos e dispersos: unha atmosfera, un recordo, os fotogramas dun filme, unha frase dunha novela... E á fin resulta que dous personaxes lle saen a un ao encontro: dous amigos, un actor e un director. As dúas caras dunha mesma identidade. Un non pode fuxir do seu pasado, leva ás costas o fardo da memoria; o outro, tocado pola man clemente do destino, convertido noutro, liberouse dese peso. Un eco deste motivo argumental está presente na estatua de Jano, o deus romano que figura no xardín de Triste-le-Roy. Procede de *La muerte y la brújula*, o conto de Borges.

Como foi a rodaxe de *La mirada del adiós*? En soporte fotoquímico, en 16 mm. As súas dúas secuencias son as que máis e mellor puideron controlar formalmente. Logrei que se rodaran nun decorado. Son a expresión dun xénero de cinema baseado en arquetipos, o que trataba da vida non tanto como é, senón como debería ser. Aí, na súa secuencia final, está para min o corazón de *Cerrar los ojos*, o momento da verdade... Se ben o artificio sempre estivo presente á hora de elaborar un filme. Agora, máis ca nunca, desenvolvido tecnicamente de xeito que o azar non interveña, e se o fai que sexa do xeito máis leve ou insignificante posible. A intervención do azar é fundamental tanto na vida como na creación cinematográfica. *Cerrar los ojos* débelle moitas cousas ao azar.

Como cales? Por exemplo, cando os dous amigos están detrás dunha porta enreixada mirando o mar. Ese día, fronte ao asilo, ofrecía un aspecto insólito, moi revoltado, con grandes ondas. Nunca o viramos alí así. E ademais acababamos de rodar unha secuencia onde os dous protagonistas contemplaban unha foto dos tempos en que eran mariñeiros novos. Esa imaxe de ambos en silencio, detrás das reixas, intuín que clausuraba algo. Outro exemplo é cando Manolo Soto canta *My Rifle, My Pony and Me*, a canción de *Río Bravo*. Non estaba prevista no guión. Pero dous días antes da súa rodaxe descubrín que Manolo a coñecía. Rodámola, sen saber nin se íamos conseguir os dereitos.

No arranque do filme xorde a súa voz como narrador. Por que? A irrupción da miña voz converte *La mirada del adiós* nun documento, deixa de ser unha evocación ou un flashback. Fíxenlles algunha que outra proba a locutores profesionais, pero comprendín que debía implicarme, ofrecendo unha especie de testemuño.

Porque resulta evidente que, a raíz dese corte, prodúcese unha ruptura no relato que leva aparelada unha probable frustración no espectador. É unha representación que de súpeto queda no aire, suspendida. E que tipo de ficción quebra aí? A do relato clásico, iniciático: o rei triste no seu palacio, á espera da morte; a imaxe dunha princesiña cativa, posuidora dunha mirada redentora; o heroe que se compromete a buscala nun afastado Shangai.

A figura do rei triste ten varias correspondencias e unha delas está nunha pantalla de televisión na que aparece Juan Carlos I. É un detalle moi inesperado, case de humor. A que corresponde? Inserir esas imaxes no televisor do hotel porque se gravaron en 2012, o ano en que transcorre a acción en presente de *Cerrar los ojos*. Fíxeno porque Juan Carlos I era nese intre a viva imaxe dun rei triste.

Hai moitas citas e referencias, as máis recoñecibles a Paul Nizan, A Stevenson, aos Lumière, a Borges, a Marsé... Por que sentiu a necesidade de encher de claves íntimas o filme? Hai esas citas e algunhas máis que por agora non foron detectadas. Polo de agora non as vou revelar. Xurdiron non como necesidade nin como adorno. Se cadra, simplemente, para me faceren compañía na rodaxe.

Cre que se extinguiu a cultura cinematográfica? Non creo que estea extinguida de todo. Iso si, socialmente banalizouse moito. Os modelos e referencias que se usan, mesmo no denominado cinema de autor, son na súa meirande parte manieristas. Se observamos o panorama en termos moito máis xerais, percibiremos un fracaso social, do que en gran medida é responsable o noso sistema de educación. Non se trata só do cinema, que en realidade apenas foi admitido nas aulas. Trátase da arte en xeral, que foi practicamente expulsada delas. Cunha consecuencia: a súa progresiva disolución no interior dunha cultura festiva ou decorativa, ou o que é o mesmo, doméstica.

Como de importante foi na súa vida a amizade e a camaradaría? Neste filme hai tributos moi explícitos a algúns dos seus grandes amigos. Que significou o cinema para a súa xeración? Fomos unha das primeiras xeracións de cinéfilos. Nacidos na súa maioría nos anos corenta. E nun país como era este daquela, de fronteiras pechadas, onde non existían as liberdades máis elementais, os filmes déronnos a oportunidade de sermos cidadáns do mundo, cando menos por unhas horas. No noso achegamento ao cine creo que buscamos intuitivamente un xeito de coñecemento á marxe das pautas que a sociedade nos ditaba, os nosos mestres máis libremente escollidos e secretos.